

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de setembro de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201909261800120000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2019, supletoria da correspondente ao día 26 de xullo de 2019, e á sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2019, supletoria da correspondente ao día 29 de agosto de 2019**

O señor presidente pregunta se algún dos membros do Pleno municipal ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2019, supletoria da correspondente ao día 26 de xullo de 2019, e á sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2019, supletoria da correspondente ao día 29 de agosto de 2019.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2019, supletoria da correspondente ao día 26 de xullo de 2019 [os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros do PP que se relacionan: don Juan María Abalo Castex e dona María Jesús González Roel; don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's)]

- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2019, supletoria da correspondente ao día 29 de agosto de 2019 [os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; as dúas concelleiras do PP que se relacionan: dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe; don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's)]

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. Proposta de alta no roteiro do lugar de Miñoto, en Brexo-Lema

#### **Acceso á videoacta – 00:01:24 horas**

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de setembro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Con data 27 de marzo e 22 de xullo de 2019, rexístranse de entrada ao núm. 0/1963 e 0/5091, respectivamente, sendos escritos presentados por varios veciños, con domicilio no lugar de Pagueira, Brexo, Cambre, nos que poñen de manifesto diversos problemas que atribúen á deficiente identificación das súas vivendas, polo que solicitan a alta no roteiro municipal do lugar de Miñoto, que é como se coñece esa zona e que se numeren as vivendas afectadas nese tramo, así como que se actualicen os mapas que figuran na páxina web do concello e se sinalicen con placas os lugares nas parroquias.

Tendo en conta o informe da funcionaria responsable de Estatística, co conforme da secretaria accidental, de data 11 de setembro de 2019, no que se fai constar que:

*“Os veciños solicitantes residen no lugar da Pagueira, entidade Brexo dende hai máis de 40 anos, segundo a documentación que consta no arquivo municipal.*

*O número de vivendas afectadas polo cambio serían 3.*

*Achego o plano de situación coa numeración actual.*

*O nome que propoñen os veciños “Miñoto” é un nome coñecido popularmente no lugar aínda que nunca estivo de alta oficialmente no roteiro, acompañan a solicitude escrituras do ano 1964 e 1996 onde consta o nome de Miñoto.*

*En setembro de 2013 debido á construción de varias vivendas unifamiliares no lugar da Pagueira deuse de alta o lugar de Espiñeiro para non ter que cambiar a numeración ao resto das vivendas e dende ese momento as vivendas motivo da solicitude quedaron un pouco desagregadas do lugar da Pagueira.*

*O tramo que solicitan se dea de alta é parte do camiño codificado no inventario municipal de camiños co nº 384, denominado camiño Pazos-San Paio (...)*

Visto o establecido no artigo 75 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, segundo o cal os concellos manterán actualizadas a nomenclatura e rotulación das vías públicas, e a numeración dos edificios, informando disto a todas as administracións públicas interesadas.

Visto o establecido na Resolución do 30 de xaneiro de 2015, do presidente do Instituto Nacional de Estatística e do director xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal e, en concreto, a alínea 14.5 *Numeración de edificios*, onde se establecen os criterios para numerar os edificios.

Con base en todo isto, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Dar de alta no roteiro municipal o lugar de Miñoto, na entidade singular Brexo-Lema, entidade colectiva Brexo, situada dentro do distrito segundo sección segunda.

**Segundo:** Remitir este acordo á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística xunto cos planos e documentación correspondente.

**Terceiro:** Comunicar a citada variación do roteiro ás administracións públicas interesadas, ao departamento de Servizos municipal e aos interesados, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Honores e Distincións de data 19 de setembro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2.2. Revisión das tarifas a aplicar polo concesionario do complexo deportivo municipal da Barcala

### Acceso á videoacta – 00:09:52 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude do día 11 de setembro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a instancia de data 30 de xullo de 2019 co número de rexistro de entrada 3/1581, presentada pola empresa Hebe Sport (NIF B -15890809 ), na que solicita a revisión das tarifas a aplicar nos apartados de: “*aboados*”, “*non aboados - entradas*” e “*programa deportivo municipal aboados/non aboados*” no complexo deportivo municipal de A Barcala para o período 2019/2020

Faise constar que o concesionario non solicita revisión de tarifas nos apartados de: “*baño libre piscinas exteriores*”, “*programa deportivo municipal en piscinas exteriores* e no “*programa de actividades (non incluídas no programa deportivo municipal)*”

Visto que por acordo plenario de data 16 de xuño de 2005, adxudicouse a concesión da explotación do complexo deportivo de A Barcala e piscinas descubertas en Balado e O Temple á entidade “Hebe Sport, S.L”. A empresa se obrigou, segundo a súa oferta presentada, a aplicar as tarifas máximas mensuais que constan no contrato administrativo asinado o 30 de xuño do mesmo ano.

Visto que no punto 4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso de referencia, establece un sistema de revisión de tarifas mediante a aplicación dun coeficiente de revisión ao obxecto de manter o equilibrio financeiro da concesión e que dita revisión será solicitada polo concesionario.

Visto o acordo plenario de data 27 de abril de 2006, onde se aproban as tarifas a percibir polo concesionario da explotación do complexo deportivo municipal da Barcala pola incorporación de novas actividades deportivas.

Visto acordo plenario de data 20 de outubro de 2011, onde se aprobou a revisión das tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple, que rexen dende entón.

A continuación preséntase táboa onde se reflicten os importe das tarifas actuais e a proposta do concesionario sobre a actualización das tarifas, cos incrementos económicos, así como e a súa porcentaxe que estes supoñen:

TIPO DE TARIFA	TARIFA ACTUAL SEN IVA	TARIFA ACTUAL CON IVA	PROPOSTA NOVA TARIFA SEN IVA	PROPOSTA NOVA TARIFA CON IVA	PROPOSTA INCREMENTO	% INCREMENTO
<b>Abonados</b>						
Abono Individual general	26,21	31,71	26,45	32,00	0,24	0,91
Abono Familiar	25,28	30,59	26,03	31,50	0,75	2,97
Cónyuge	4,54	5,49	4,71	5,70	0,17	3,83
Hijos	4,54	5,49	4,71	5,70	0,17	3,83
Abono Jóven	18,89	22,86	19,42	23,50	0,53	2,80
Abono 3ª edad y dism.	18,66	22,58	19,01	23,00	0,35	1,86
Abono matinal	18,06	21,85	19,01	23,00	0,95	5,26
Matrícula abonados	25,46	30,81	26,45	32,00	0,98	3,86
Mantenimiento Matrícula	13,43	16,25	14,05	17,00	0,62	4,62
<b>No abonados</b>						
Entrada general	4,63	5,60	4,71	5,70	0,08	1,79
Entrada -18 años	3,22	3,90	3,31	4,00	0,08	2,56
Entrada estudantes	3,22	3,90	3,31	4,00	0,08	2,56
Entrada 3ª edad	3,22	3,90	3,31	4,00	0,08	2,56
Fitness /Gimn	4,63	5,60	4,96	6,00	0,33	7,14
<b>Programa deportivo municipal en A Barcala</b>						
<b>Abonados</b>						
Natación bebés (1 día semana)	6,85	8,29	7,44	9,00	0,59	8,56
Natación escolar(1día semana)	6,85	8,29	7,44	9,00	0,59	8,56
Natación escolar(2días semana)	10,05	12,16	10,74	13,00	0,69	6,91
Natación 3ªedad (2 días semana)	11,07	13,39	11,57	14,00	0,50	4,56
Natación recuperación funcional (2 días sem.)	11,07	13,39	11,57	14,00	0,50	4,56
Natación educación especial (2 días sem.)	10,33	12,50	10,54	12,75	0,21	2,00
Matrícula	13,15	15,91	13,22	16,00	0,07	0,57
<b>No Abonados</b>						
Natación bebés (1 día semana)	13,70	16,58	14,88	18,00	1,17	8,56
Natación escolar(1día semana)	13,70	16,58	14,88	18,00	1,17	8,56
Natación escolar(2días semana)	20,09	24,31	21,49	26,00	1,40	6,95
Natación 3ªedad (2 días semana)	22,13	26,78	23,14	28,00	1,01	4,56
Natación recuperación funcional (2 días sem.)	22,13	26,78	23,14	28,00	1,01	4,56
Natación educación especial (2 días sem.)	20,66	25,00	21,07	25,50	0,41	2,00
Matrícula	26,30	31,82	26,45	32,00	0,15	0,57

Considerando que as novas tarifas propostas polo concesionario para a súa aplicación, a partir da aprobación, son inferiores ás que resultarían de aplicar o coeficiente de revisión reflectido no punto 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, que se extrae dos datos da explotación presentados pola empresa Hebe Sport, S.L.

Considerando que as novas tarifas propostas polo concesionario seguen a ser competitivas en accesos/programas similares, ás que se están a aplicar noutras instalacións do noso entorno.

É polo que se **propón** ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar a revisión das tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala nos apartados de *aboados, non aboados e programa deportivo municipal (aboados-non aboados)*, que quedarían como se detalla a continuación:

TIPO DE TARIFA	PROPOSTA NOVA TARIFA SEN IVE	PROPOSTA NOVA TARIFA CON IVE
<b>Aboados</b>		
Aboamento Individual xeral	26,45	32,00
Aboamento Familiar	26,03	31,50
Cónxuxe	4,71	5,70
Fillos	4,71	5,70

Aboamento Xove	<b>19,42</b>	23,50
Aboamento 3ª idade e dism.	<b>19,01</b>	23,00
Aboamento matinal	<b>19,01</b>	23,00
Matrícula aboados	<b>26,45</b>	32,00
Mantemento Matrícula	<b>14,05</b>	17,00
<b>Non aboados</b>		
Entrada xeral	<b>4,71</b>	5,70
Entrada -18 anos	<b>3,31</b>	4,00
Entrada estudantes	<b>3,31</b>	4,00
Entrada 3ª idade	<b>3,31</b>	4,00
Fitness /Gimn	<b>4,96</b>	6,00
<b>Programa deportivo municipal na Barcala</b>		
<b>Aboados</b>		
Natación bebés (1 día semana)	<b>7,44</b>	9,00
Natación escolar (1 día semana)	<b>7,44</b>	9,00
Natación escolar (2 días semana)	<b>10,74</b>	13,00
Natación 3ª idade (2 días semana)	<b>11,57</b>	14,00
Natación recuperación funcional (2 días sem.)	<b>11,57</b>	14,00
Natación educación especial (2 días sem.)	<b>10,54</b>	12,75
Matrícula	<b>13,22</b>	16,00
<b>Non Aboados</b>		
Natación bebés (1 día semana)	<b>14,88</b>	18,00
Natación escolar (1 día semana)	<b>14,88</b>	18,00
Natación escolar (2 días semana)	<b>21,49</b>	26,00
Natación 3ª idade (2 días semana)	<b>23,14</b>	28,00
Natación recuperación funcional (2 días sem.)	<b>23,14</b>	28,00
Natación educación especial (2 días sem.)	<b>21,07</b>	25,50
Matrícula	<b>26,45</b>	32,00

**Segundo:** Publicar o correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, co fin de que durante o prazo de trinta días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas. No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas.

**Terceiro:** Comunicar a empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, e pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, de data 19 de setembro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2.3 Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

**Acceso á videoacta – 00:16:16 horas**

Non se tratou este punto da orde do día.

## 3. PARTE DECLARATIVA

### 3.1. Declaracións institucionais

**Acceso á videoacta – 00:16:22 horas**

Non se tratou este punto da orde do día.

### 3.2. Mocións dos grupos municipais

**Acceso á videoacta – 00:16:26 horas**

Don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, retira a moción rexistrada de entrada ao núm. 999/1452, o día 20 de setembro, respecto da reclamación ao Goberno de España da transferencia ás entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. Informes do equipo de goberno

**Acceso á videoacta – 00:16:42 horas**

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Do escrito presentado polos catro concelleiros que integran o grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 0/5977 o día 11 de setembro de 2019, polo que modifican a designación de voceiro titular e suplente efectuada mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/4166 o 20 de xuño de 2019, quedando designado como voceiro titular don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e como voceira suplente dona Patricia María Parceros Quiñoy.

De conformidade co establecido no artigo 7.2 do Regulamento orgánico municipal, a modificación produce efectos dende a presentación do escrito no rexistro xeral.

### 4.2. Rogos

**Acceso á videoacta – 00:17:37 horas**

#### Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada aos núm. 999/1467, 999/1469 e 999/1475, o día 23 de setembro de 2019.

**1º rogo - Acceso á videoacta – 00:17:39 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.



Veciños e transeúntes do paseo marítimo dos Templarios, na parroquia do Temple, remítennos as súas queixas sobre o lamentable estado no que se atopa. Problema que se agudiza máis na continuación do mencionado paseo, paralelo ao río ata a urbanización da Barcala, na que o mobiliario público (bancos, farois, arquetas, paneis informativos, etc.) deixan moito que desexar, tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese do equipo de goberno, a adopción das medidas oportunas para resolver, á maior brevidade posible, as flagrantes deficiencias advertidas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

### **2º rogo - Acceso á videoacta – 00:18:44 horas**

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Así mesmo, este grupo municipal segue recibindo queixas veciñais sobre o estado no que se atopan diversas zonas axardinadas do noso municipio, como xa puxemos de manifesto en anteriores rogos e preguntas presentados tanto en comisións informativas como en sesións plenarias.

Esta vez volven a ser os veciños e transeúntes do Paseo dos Templarios e a súa continuación cara á urbanización A Barcala os que presentan as súas queixas sobre o estado no que se atopa o dito lugar, onde as silvas e matogueiras invaden as marxes e xardíns sen control nin roza ningunha.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese do concelleiro competente que, á maior brevidade posible se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 00:19:48 horas**

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

No pleno ordinario do pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular solicitou que polo goberno municipal se adoptaran as medidas necesarias para retirar, á maior brevidade posible, os entullos que estaban sendo acumulados na entrada da urbanización A Barcala, máis concretamente nas proximidades da gasoleneira, nunha zona de descampado moi próxima igualmente ao hipermercado alí existente. Rogo que foi asumido polo concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, quen no dito pleno se comprometeu a que nunha semana ou semana e media se retirarían os ditos entullos (eufemisticamente denominados “*depósito provisional de materiais de obras*”, para o que, segundo se nos indicou, xa se tiña trasladado a dita petición á dirección de obra.

Transcorridos dous meses dende aquel compromiso, non e retiraron todos os entullos acumulados no mencionado lugar, tal e como se pode comprobar a través das fotografías que se achegan, o que nos fai dudar tanto da veracidade do compromiso como da provisionalidade que se lle quixo atribuír aos entullos.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se interese que se cumpran os compromisos adquiridos e se adopten as medidas necesarias para retirar, á maior brevidade posible, os entullos acumulados no mencionado lugar.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

### **Rogo de AV presentado por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 999/1472, o día 23 de setembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### **Único - Acceso á videoacta – 00:25:34 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Coñecendo e compartindo un dos piares sobre os que se fundamenta o actual goberno municipal que é a protección medioambiental.

E vendo o estado no que se atopa o río Mero, aínda sen rozar, con diversidade de especies invasoras, cheo de plásticos ao longo da súa canle, etc. Achegamos fotografía como exemplo.

Rogamos que se poñan máis esforzos na conservación, preservación e coidado do que temos, do mesmo xeito que se actúa co humidal da Gándara. Ademais de promover algún tipo de actividade relacionada co medioambiente que permita ás novas xeracións e á veciñanza en xeral, coñecer e concienciar sobre a riqueza do patrimonio natural do concello.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta o rogo.

### **Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 1474/2019, o día 23 de setembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### **1º rogo - Acceso á videoacta – 00:28:23 horas**

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Tendo coñecemento das queixas reiteradas en varias ocasións polos veciños e veciñas e usuarios do camiño que transcorre entre Cela e O Canal, identificado no inventario co número 00084, motivado o estado de inseguridade que presenta, comportando un risco permanente para a circulación rodada e peonil, consideramos que se debe corrixir esta situación e non teñamos que lamentar ningún accidente.

Por isto presentamos o seguinte rogo:

Que o Goberno local adopte as medidas necesarias con carácter urxente para que se instalen biondas de seguridade ou outros elementos que atenúen o perigo nos lugares do camiño que se describe.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

#### **2º rogo - Acceso á videoacta – 00:29:58 horas**

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

O viario que transcorre entre Cela e O Canal (00084) está sendo afectado por desprendementos de pedras procedentes do noiro da vía férrea. A situación de ausencia de mantemento preventivo pon en risco a circulación, obstruíndo tamén o propio camiño e dificultando o acceso en condicións óptimas de seguridade,



temos que engadir o risco de caída dalgunhas especies arbóreas chantadas no propio noiro semellando risco de desprendemento.

Ante a situación expostas, pregamos se tomen as medidas axeitadas para corrixir a situación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 00:31:56 horas**

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No pleno pasado, EU Cambre preguntou ao concelleiro responsable da Área de Urbanismo, Juan González Leirós, sobre os criterios estéticos que levaron a decidirse a adornar unha céntrica praza en Cambre, no Balado, con céspede artificial.

A resposta non foi da nosa satisfacción. Non comprendemos que o ecoloxismo sexa compatible coa colocación de alfombras sintéticas en substitución de elementos ornamentais que fagan a vida das persoas usuarias un pouco máis achegada á natureza, aínda que sexa nos centros urbanos.

O resultado estético da praza é máis que evidente, e non fai falta máis explicación, chega con ver como o que era un potencial espazo integrador no centro do Concello, está convertido nun perímetro gris, con alfombras plásticas verdes, unha marquesiña invernadoiro e desniveis sen protección que fan que xa levemos varios esvaróns, tropezos e incluso mazaduras.

Tendo en conta que a súa estética e resultado xa non é remediable, no relativo á seguridade viaria, novamente traemos este asunto a pleno.

Entendemos que é responsabilidade de calquera goberno municipal protexer a seguridade viaria, pero aínda máis, non provocar inseguridade coas obras que executa.

Na praza do Balado existen, a día de hoxe, varios elementos perigosos que, con anterioridade non existían, responsabilidade directa do Sr. Leirós, defensor a ultranza do céspede artificial.

Unha simple sinalización tería sido mostra da preocupación do responsable pola inseguridade da praza, pero despois do tempo pasado sen que se puxera nin unha cinta para advertir da perigosidade aos usuarios, vemos, novamente, a absoluta falta de interese por salvagardar, xa non só a estética, senón tamén a seguridade viaria destes responsables municipais. Xustificado este desinterese, dende EU Cambre, pregamos:

Que este Goberno municipal cumpra coa súa obriga de protexer a seguridade viaria e, polo menos non provocala, como no caso que nos ocupa, instalando as medidas de seguridade que sexan necesarias para evitar todos os desniveis existentes na citada praza e que provocan accidentes, caídas e sustos varios de xeito constante, e sinalizando, mentres, os perigos existentes.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta o rogo.

### **Rogos de C's presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 1459/2019, o día 22 de setembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo - Acceso á videoacta – 00:43:45 horas**

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O pasado sábado a deficiencia lumínica no pavillón dos Campóns era evidente incluso de día. Polo menos seis dos focos non estaban iluminando, como pode apreciarse na foto que se acompaña. Aproxímase o horario de tarde no cal anoitece antes, e faise necesaria toda a iluminación para a práctica do hockey nas ditas horas. Por todo iso rogamos:

Se dote de iluminación a todos os focos que actualmente están apagados.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta o rogo.

**2º rogo - Acceso á videoacta – 00:46:13 horas**

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Os valos do pavillón dos Campóns presentan folguras que fan que estas bailen e se movan de forma insegura cando o público se apoia nelas. Tamén presentan desaliñacións que forman “eses” como se aprecia nas fotos, motivado por un ancoraxe deficiente. Os valos poden chegar a caerse, o que representa un perigo para os nenos. Ben sexa cambialas ou reparar as que están vencidas, algunha actuación ten que levarse a cabo.

Acompañamos fotos onde se aprecia como cederon os ancoraxes do solo e como en calquera momento poden terminar cedendo por completo.

É por iso que rogamos:

Se reparen os ancoraxes ou se substitúan os valos á maior brevidade posible.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta o rogo.

**3º rogo - Acceso á videoacta – 00:54:10 horas**

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O pasado día 6 do mes de xuño deste ano 2019, o naquel momento candidato electo de UxC, Sr. Óscar García Patiño, exercendo de alcalde, dirixiuse por carta a unha asociación cultural da 3ª idade, nun ton impropio nun alcalde cara a unha asociación e cara ao seu presidente, un feito sen precedentes onde tachaba de “desagradable comunicación” por parte do presidente da asociación, o simple feito de suspender unha invitación a unha humilde comida que estas persoas da 3ª idade organizaban, xa que nese preciso momento descoñecíase quen ía ser o seguinte alcalde de Cambre.

A pesar de poder asinar a misiva como “O alcalde” cando aínda non o era (lembramos que nesa data o Sr. Patiño era un simple candidato máis xa que non foi nomeado novamente ata o día 15 de xuño) o hoxe Sr. alcalde trasladou o seu “profundo malestar polo desplante que se lle facía”, “non á súa persoa, senón ao cargo que representaba” chegando incluso a acusar á asociación dunha posible “politización”. Non contento con iso, pediu expresamente que “o contido desa carta se fixese extensivo a todos e cada un dos integrantes da asociación”, feito que podería provocar subconscientemente, a sabendas, o escarnio do seu presidente ante todos os asociados.

Tal conduta cunha asociación non é digna do cargo institucional que un alcalde representa.

Por todo o exposto, desde C's Cambre rogamos:

Unha desculpa pública do Sr. alcalde, aquí e agora neste pleno, para a asociación e o seu presidente, e para con todos os veciños de Cambre, por tal actitude, ademais dunha posterior desculpa por escrito, con copia a todas as forzas políticas representadas nesta corporación.

O señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, contesta o rogo.

### 3.3. Preguntas

**Acceso á videoacta – 01:15:11 horas**

#### Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1470, o día 23 de setembro de 2019.

#### 1ª pregunta - **Acceso á videoacta – 01:15:14 horas**

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

O pasado 6 de agosto, con gran despregue mediático (algo ao que xa non ten acostumado o Goberno local de Cambre), a concelleira de Medio Ambiente e Mobilidade, en declaracións aos medios de comunicación, consideraba insuficiente o prazo de 20 días hábiles para presentar alegacións ao anteproxecto do Plan de transporte público da Xunta de Galicia (prazo que, por outra parte, é o xeralmente concedido por todas as administracións públicas para formular alegacións, incluído o propio Concello de Cambre).

No que parece máis froito da improvisación que da necesaria reflexión razoada, o Concello de Cambre presentou alegacións ao dito plan, logo da convocatoria a diferentes asociacións do municipio para tratar de “consensuar” as alegacións a presentar polo noso concello ao dito anteproxecto.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, pregúntase á concelleira de Medio Ambiente e Mobilidade, o contido das alegacións presentadas polo noso concello ao dito anteproxecto, diferenciando aquelas que foron achegadas polos nosos veciños, das propostas pola súa propia concellería.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

#### 2ª pregunta - **Acceso á videoacta – 01:21:23 horas**

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

O pasado 13 de agosto, o director xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, asinou a resolución pola que se resolvía a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias outorgadas, entre outros, a concellos de menos de 50.000 habitantes, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A través dela, concellos da nosa contorna, como Miño, Culleredo ou Carral obtiveron a adxudicación de equipamento de emerxencia como tendas de campaña, remolque de emerxencias ou vehículos todo terreo pick-up.

Á vista de que o Concello de Cambre non concorreu á dita adxudicación, tal e como xustificou o Goberno local, ben por decisión do seu entón concelleiro, ben porque o noso concello xa conta con suficientes equipamentos de

emerxencia, dende o Grupo Municipal Popular, considerando que todo equipamento de emerxencia debe ser benvido, preguntamos á concelleira de Seguridade Cidadá con cantas tendas de campaña, remolques de emerxencias ou vehículos todo terreo pick-up, conta o noso concello para non ter concorrido á dita adxudicación, así como os medios cos que si conta o noso concello en materia de emerxencias.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:23:23 horas**

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Tendo sido varias as ocasións que este grupo municipal ten interesado mediante escritos presentados polo rexistro xeral do noso concello información varia sobre as obras adxudicadas a Canarga, S.A. e Jardinería Arce, sen ter obtido contestación ningunha pola concelleira competente, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se informe en sesión plenaria sobre as ofertas recibidas e contratos finalmente adxudicados, tipo de procedemento e criterios de adxudicación utilizados, importe de cada adxudicación, data de pagos efectuados dende o noso concello respecto dos contratos existentes entre o Concello de Cambre e as empresas Canarga e Jardinería Arce, nos últimos 4 anos.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

### **Preguntas de AV presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1472, o día 23 de setembro de 2019, xunto co rogo presentado para este pleno.

### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:24:37 horas**

Lee a pregunta don Raúl Varela Fraguío.

Por todos e sabida a demanda histórica de beirarrúas pola veciñanza de Cecebre na contorna do “Bosque Animado”, preguntamos ao concelleiro competente, se ten prevista algunha actuación na zona.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:26:11 horas**

Lee a pregunta don Raúl Varela Fraguío.

En vista das noticias publicadas sobre o interese dunha empresa en solicitar a licenza para a creación dun tanatorio/crematorio ao lado do campo de fútbol Dani Mallo e o cemiterio municipal. E preocupados pola proximidade das instalacións deportivas frecuentadas por mocidade e familias, preguntamos ao concelleiro competente en que estado se atopa a dita solicitude.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

### **Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 1474/2019, o día 23 de setembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:27:09 horas**

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Ante as queixas recibidas por parte de usuarios afectados polas obras de supresión do paso a nivel sen barreiras no Canal en Cecebre, e construción dun paso inferior, o grupo municipal de EU presenta a seguinte pregunta:

Que información ten o Goberno do transcurso da mencionada obra e as súas previsións para o seu remate?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:28:11 horas**

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Son múltiples as ocasións que se nos ten preguntado por parte de veciños e veciñas de Anceis pola situación da pista polideportiva cuberta construída pola Asociación cultural e de ocio San Antonio de Anceis sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar da Rocha.

Dende EU Cambre preguntamos:

Cal ou cales son os motivos do estado no que actualmente se atopa a pista que leva consigo a imposibilidade de utilización polos seus potenciais usuarios con especificación da previsión na data de apertura e posta a disposición do público usuario?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:31:44 horas**

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Nas comisións informativas da pasada semana preguntamos ao señor alcalde polo contido e acordos aos que el persoalmente chegou cos representantes veciñais das comunidades de propietarios implicadas na remodelación da praza 1º de Maio.

A ausencia do señor alcalde ás comisións informativas levou consigo que a resposta nola dera unha persoa que non asistiu ás ditas reunións, pero certamente responsable da área de goberno que implica a ditas obras: o concelleiro de Urbanismo, Juan González Leirós.

Ante a resposta do Sr. González Leirós, que non asistiu á dita reunión, e no ánimo de corroborar a dita información co asistente real a ela, volvemos a formular unha cuestión, para nós importante, e que sexa o auténtico interlocutor das citadas reunións quen confirme a resposta do seu concelleiro.

Preguntamos ao señor alcalde:

Vai Canarga ou algunha empresa contratada ou subcontratada por ela, realizar algún tipo de obra ou traballo extra ou adicional aos que constan no proxecto de remodelación da praza 1º de Maio, na propia praza ou na súa contorna e edificios ou locais anexos á praza?

O señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, contesta a pregunta.

### **Preguntas de C's presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 1459/2019, o día 22 de setembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:33:06 horas**

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

A parcela municipal onde se atopa o campo de fútbol de Peirario-Bribes, atópase en situación de abandono a pesar de ter sido cortada a herba recentemente con motivo das festas. As que no seu día foron porterías, hoxe están inservibles e en mal estado. O perímetro non está pechado, nin tampouco está claro por onde é o acceso, e unha das esquinas atópase chea de entullos.

Por todo isto preguntamos:

Cal é a súa determinación no planeamento, os seus parámetros urbanísticos, o seu estado no catastro, os dereitos da finca e os datos de adquisición?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:34:57 horas**

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Ten previsto o Goberno delimitalo con valo metálico ou de calquera outro tipo e retirar ou substituír as porterías?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:35:21 horas**

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Nunha das seguintes fotos percíbese que o peche desta muralla en reparación está en liña cunha casa de máis de 200 anos. Antes había menos muralla da que hai feita agora. Fíxose unha obra por parte dunha empresa onde se traballou durante 3 semanas, e segundo os veciños e a empresa, con todos os permisos necesarios.

Ao parecer o concello primeiro autorizou a obra e despois a paralizou, e posteriormente a paralizala, os técnicos sinalizaron por onde debía ir a muralla (A Cabaña, Anceis).

Segundo os veciños, a empresa e a propietaria, afirman que tiñan os documentos oportunos e que van a xuízo porque a empresa asegura ter todo en regra, e os avogados de ambos tamén.

Por todo isto, os veciños pedíronnos que traslademos a seguinte pregunta:

Como se ten chegado ata aquí e por que a propiedade parece ser que está disposta a levar ao concello a xuízo? Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta e oito minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia